



## A GRANXA DO QUEIXO

**O**s nenos e nenas de 3º fomos a unha granxa escola o día 13 de novembro. Tardamos unha hora en chegar alí e esperábamnos as monitoras. Fixemos catro grupos: azul, vermello, amarelo e branco. Primeiro fixemos un marcapáxinas de tea. Dous grupos fixérono con forma de peixe, outro de vaca e outro de ra. Logo fomos a un souto a recoller castañas para levar á casa. Rematamos a mañá cos xogos da cebola e do pano. Xa era hora de xantar. Déronnos macarróns con chourizo, croquetas e logo iogur. Despois de xogar un rato leváronnos á aldea pantasma. Unha aldea abandonada. Aproveitando que vimos un muíño, contáronnos a historia do muíneiro e a aldea pantasma. Para rematar o día fomos ver os animais. Alí había un avestruz, cabras, ovelas, pozos coellos, galiñas, vacas e cabalos. Regresamos no autobús ao colexio onde nos esperaban os nosos pais. Foi un día moi divertido.



PAULA RODRÍGUEZ  
3ºC



## MÚSICA DE VENTO

**O** día 16 de novembro fomos ao teatro principal a escoitar o Grupo de vento "Santa Cecilia".

Había seis músicos. Cinco con instrumentos de vento metal e o outro coa batería. Na parte teórica faláronnos dos sons, das figuras e dos timbres ademais de mostrarnos as trompetas e as sordinas, a trompa que provén do corno ou do caracol mariño e empregada no desembarco dos vikings; o trombón de varas, co que simularon o coche de Fernando Alonso; e a tuba que pesaba 13 quilos e coa que imitaron os sons dos elefantes.

Escoitamos pezas como a Serenata Nocturna de Mozart, a Obertura de Guillermo Tell de Rossini, a Panteira Rosa, Sinchán... algunhas delas coreadas e palmeadas por todos nós. Rematou o acto cun popurri de cancións mexicanas coñecidas e preguntas ao chou.



IXIAR PÉREZ  
4ºC



## "Boas Noites"



Mensaxe nunha botella de plástico Unha nova iniciativa da Concellaría de Cultura e do Auditorio para estimular aos máis pequechos e convertelos en futuros espectadores (ou mesmo artistas, quen sabe): os títeres de Buratini, na obra Mensaxe nunha botella, e a produción de Berrobombán Boas Noites, baseada no texto de Paula Carballeira gañador do I Manuel María de Literatura Dramática Infantil. O día 30/10/07 asistiu ao Teatro Principal o alumnado do colexio

## "PEDRO E O LOBO"

Maximino Zumalavé dirixe á Real Filharmonía de Galicia nesta interpretación de Pedro e o lobo unha peza de Sergei Prokófiev, e cóntase cos títeres da compañía Per Poc e coa concertino Anca Smeu. Asistiu o alumnado de 2º o día 31/10/07 ao Auditorio de Galicia.